




Concello da Coruña

| | | |
|---|----------------------------|--|
| Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA | Documento 7411AI03CN | Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/9908/2026 28/05/2026 |
| Código de verificación  4V0A 3B5O 4J1N 1562 04PT | Expediente 741/2026/410 | |
| | Fecha 28-05-2026 | |

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI03B6 de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 27.05.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 76, departamento 32, ringleira 2^a do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a Manuela Castelo Barbosa e Javier Pardo Castelo, polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 14 de maio de 2005; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

SEGUNDO: INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 76, departamento 32, ringleira 2^a do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro.

Os restos existentes na instalación funeraria serán trasladados ao osario municipal, consonte ao establecido no artigo 21.2 g) do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feans-Mesoiro, se vostede non solicita a exhumación no prazo de 15 días naturais a contar a partir da notificación da presente resolución.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)